

CANCIONEIRO GALEGO SERODIO (1989-2012) (Inclue CD)



XABIER DÍAZ

SINOPSE

Despois de catro décadas de ollada e atención ás músicas e líricas dun pobo, este cancionero é una pequena pinga no tempo, sen lugar a dúbida. Chamámoslle “serodio” xa que o seu ámbito temporal pon o foco no último cuarto do pasado século e apenas as primeiras décadas deste que nos toca transitar, mais non por iso ten menos interese ou valor e mesmo trae descubertas e apuntes aos que non se lles tiña prestado atención, por difícil que poida parecer. Como ben sabemos, o corpus do cancionero dun país cantor e lírico por excelencia coma o noso, viaxou na memoria de miles de mulleres, xeración tras xeración ao longo do tempo, sen que poidamos atrevernos a datar o momento iniciático de tan fabulosa viaxe.

Este é un traballo que abrangue o total do territorio galego, as catro provincias, e mesmo os territorios arraianos. Xorde, por unha parte, da viaxe dun mozo de vinte anos que comenza a facer traballos de campo como ese amador, folclorista, curioso e afeccionado polo noso folclore que aínda segue a ser. Ademais, tamén contribúe a revalorizar a música e baile que dura ata os nosos días.

A transcripción dos textos líricos das case cincocentas entrevistas que foron realizadas ao longo de trinta anos de camiño, vén adornada de anécdotas, sorpresas, e fantásticas historias das propias informantes, protagonistas tamén das fotos, e dunha morea de audios orixinais das compilacións, que redimensionan o concepto de cancionero, dándolle una dimensión próxima á experiencia que vivín en primeira persoa.

Estou feliz de poder compartir con vós esta viaxe pola terra as mil muiñeiras.

...



Editora	XABIER DÍAZ
Materia	MUSICA
Colección	VARIOS
EAN	9788409690848
Estado	Disponible
Encadernación	Tapa blanda
Páxinas	139
Tamaño	220x220x10 mm.
Peso	435
Prezo (Imp.inc.)	25,00€
Idioma	Galego
Data de lanzamento	17/03/2025

Títulos relacionados